

C.E.I.P. de Lourido – PRESENTACIÓN DA ASIGNATURA

Materia	EDUCACIÓN MUSICAL	Páx.	
Curso / Ciclo	5º NIVEL PRIMARIA		
Profesor/a	ISABEL FERNÁNDEZ HERMIDA		

CONTIDOS (Temporalizados por avaliacións)

1ª Avaliación:

- Audición activa de pezas instrumentais e vocais de diferentes estilos e culturas adaptadas á idade do alumnado.
- Recoñecemento de calidades dos sons: duración.
- Acento e pulso.
- Compases de 2/4, 3/4 y 4/4.
- Creación de acompañamentos sinxelos de melodías dadas.
- Recoñecemento do corpo como instrumento rítmico e de expresión corporal.
- Asistencia a representacións musicais.
- Algúns elementos musicais: indicacións de tempo e matices (fortísimo, forte, piano e mezzoforte; dinámica e reguladores)
- Os compases de 2/4, 3/4 y 4/4.
- Recoñecemento de calidades dos sons: intensidade, duración, altura e timbre.
- Recoñecemento do corpo como instrumento rítmico e de expresión corporal.
- Reprodución de pezas instrumentais e cancións sinxelas ao unísono e canons, de maneira colectiva, con ou sen acompañamento. Frauta doce: dixitación da escala de do sin alteracións.
- Recoñecemento e identificación das partes dunha peza musical. Formas musicais binarias, ternarias e rondó.
- Melodías con cambios de compás.
- Reprodución de xogos motores e secuencias de movementos fixados ou inventados, procurando unha progresiva coordinación individual e colectiva.

3ª Avaliación:

- Recreación musical e sonorización dun texto oral ou escrito.
- Gravación e rexistro da interpretación.
- Audición activa dunha selección de pezas instrumentais e vocais de diferentes estilos e culturas.
- Identificación dos rexistros de voces graves e agudas, así como as posibles agrupacións vocais e corais.
- Sonorización de imaxes ou representacións dramáticas usando diversos materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.
- Interese polo repertorio tradicional de Galicia e das zonas de procedencia dos compañeiros e das compañeiras.
- Creación de pequenas coreografías para obras musicais breves e de estrutura sinxela.
- Interpretación de danzas tradicionais galegas e doutras culturas.
- Exploración de campo sobre a música da zona en relación coa forma de vivir dos seus antepasados e antepasadas.
- Uso dos instrumentos de placas Off e/ou percusión determinada ou indeterminada en acompañamentos de cancións e melodías relacionadas coa cultura galega e con outras culturas.

C.E.I.P. de Lourido – PRESENTACIÓN DA ASIGNATURA

<ul style="list-style-type: none">• Uso dos instrumentos de placas Orff y/o percusión determinada ou indeterminada en acompañamentos de cancións e melodías relacionadas coa cultura propia e con outras culturas.• Un proxecto: concerto ou musical.• Ditados rítmicos con figuras de negra, branca, redonda e corchea, e os seus silencios en compases binarios, ternarios e cuaternarios.• Ditados melódico-rítmicos sinxelos.• Creación de pequenas melodías e acompañamentos sinxelos de melodías dadas.	
<p><u>2ª Avaliación</u></p> <ul style="list-style-type: none">• Audición activa dunha selección de pezas musicais adaptadas á idade do alumnado.• Os instrumentos: clasificación técnica según a produción do son (aerófonos, cordófonos, membranófonos, idiófonos e electrófonos).• Reprodución de pezas instrumentais e cancións sinxelas ao unísono e canons, de maneira colectiva, con ou sen acompañamento. Frauta doce: dixitación da escala de do sin alteracións.• Invención e construción dun instrumento.• Instrumentos doutras culturas.• Reprodución de pezas instrumentais e cancións sinxelas ao unísono e canons, de maneira colectiva, con ou sin acompañamento. Frauta doce: dixitación da escala de do sin alteracións.• Elaboración dun proxecto de difusión da cultura musical.• Agrupacións instrumentais (orquestra, banda, tuna, etc.).• Uso dos instrumentos de placas Orff e/ou percusión determinada ou indeterminada en acompañamentos de cancións e melodías relacionadas coa cultura galega e con outras culturas.• Gravación e rexistro da interpretación. Creación de pequenas coreografías para	

C.E.I.P. de Lourido – PRESENTACIÓN DA ASIGNATURA

obras musicais breves e de estrutura sinxela.	
OBXECTIVOS	
<ul style="list-style-type: none">• escoitar obras de características, estilos e compositores diferentes, coa finalidade de recoñecer as diferenzas e/ou as relacións existentes.• Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons do contexto.• Analizar a estrutura de obras ou fragmentos musicais sinxelos, e describir os elementos da linguaxe musical convencional que as compoñen.• Participar en producións musicais sinxelas buscando o divertimento e amosando autoconfianza e actitudes de respecto e colaboración.• Empregar as posibilidades expresivas do propio corpo en coordinación con outras persoas, coa fin de realizar representacións musicais colectivas de forma lúdica.• Interpretar un repertorio básico de acompañamentos, cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical. Valorar o traballo realizado, avaliar o resultado e propoñer accións de mellora.• Coñecer e identificar as principais familias dos instrumentos, e identificar as principais características de instrumentos doutras culturas.• Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.• Xestionar informacións sobre manifestacións artísticas do patrimonio cultural propio e doutras culturas, coa fin de planificar e organizar visitas culturais e a asistencia a espectáculos, festas, accións na rúa, festivais e concertos, así como intercambiar esa información coa fin de contribuir á formación e á satisfacción persoal e colectiva, e encher o tempo de ocio.• Interpretar un repertorio básico de acompañamentos, cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical. Posteriormente valorar o traballo realizado, avaliar o resultado e propoñer accións de mellora.• Recabar informacións sobre acontecementos, creadores e profesionais en relación coas artes plásticas e a música.• Interpretar un repertorio básico de danzas propias da cultura galega e doutras culturas.• Improvisar en grupo danzas e movementos rítmicos expresando sentimentos e sensacións.	

C.E.I.P. de Lourido – PRESENTACIÓN DA ASIGNATURA

METODOLOXÍA

O que se propón é un itinerario que estimule unha evolución dende o xogo hacia plantexamentos máis reflexivos e operativos.

As principais características da metodoloxía empregada son:

Significativa, globalizadora, lúdica, gradual, imaxinativa e creativa.

CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Levarase a cabo a avaliación a través de xogos musicais, cancións, danzas, dramatizacións, interpretación coa fruta..., mediante observación directa.

CRITERIOS:

B1.1. escoitar obras de características ou estilos e compositores e compositoras diferentes, recoñecer as diferenzas e/ou as relacións existentes, e facer unha valoración posterior.

B1.2. Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons do contexto.

B1.3. Analizar a organización de obras musicais sinxelas ou fragmentos, e describir os elementos da linguaxe musical convencional que as compoñen.

B1.4. Procurar e seleccionar información coa fin de planificar e organizar visitas culturais e a asistencia a espectáculos, festas, accións na rúa, festivais e concertos, así como intercambiar esa información coa fin de contribuir á formación e á satisfacción persoal e colectiva, e encher o tempo de ocio.

B1.5. Coñecer e identificar as principais familias dos instrumentos, e identificar as principais características de instrumentos doutras culturas.

B1.6. Utilizar recursos gráficos durante a audición dunha peza musical.

B1.7. Buscar, seleccionar e organizar informacións sobre manifestacións artísticas do patrimonio cultural propio e doutras culturas, de acontecementos, creadores e profesionais en relación coas artes plásticas e a música.

B2.1 Interpretar un repertorio básico de acompañamentos, cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical. Valorar o traballo realizado, avaliar o resultado e propoñer accións de mellora.

B2.2. Participar en producións musicais sinxelas de forma desinhibida e pracenteira, amosando confianza nas propias posibilidades e nas das demais persoas, amosando actitudes de respecto e colaboración.

B2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.

B3.1. Empregar as posibilidades expresivas do propio corpo en coordinación coas demais persoas, para realizar representacións musicais colectivas de forma lúdica.

B3.2. Interpretar un repertorio básico de danzas propias da cultura galega e doutras culturas.

B3.3. Improvisar en grupo danzas e movementos rítmicos sobre temas fixados con anterioridade ou con sons extraídos do contexto, expresando sentimentos e sensacións, e explicar con claridade as decisións tomadas ao longo do proceso de creación, as dificultades atopadas e as solucións adoptadas.